

# EL PAÍS

## TENTACIONES

VIERNES 20 DE FEBRERO DE 2004

### TEATRO

#### JUGAR CON LOS LÍMITES

Los límites entre ficción y verdad se difuminan, y dan lugar a confusiones divertidas y a incertidumbres en *Acto seguido*, montaje de la compañía Matarile Teatro, de Santiago de Compostela, donde los actores se interpretan a sí mismos en una pista circular. Dirige Ana Vallés, y se presenta en el festival Escena Contemporánea. ■ J. V.

*Acto seguido*. Aranjuez. La Nave de Cambaleo. Días 21 y 22 de febrero. 21.00. 6 euros. Madrid. Sala Cuarta Pared. Días 24 y 25 de febrero. 21.00. 10 euros.



MONSE AMIGO

# El Correo Gallego

EL CORREO GALLEG  
DOMINGO - 2 - NOV - 2003

## TEATRO

### Soños que viven dentro do teatro

LUPE GÓMEZ • SANTIAGO

**U**nha marabilla de obra. Vento novo para o teatro. *Acto seguido*, a obra que a compañía Matarile acaba de estrear, na sala Galán de Santiago. É unha obra emocionante, bonita, fonda. Arrinca de nós os nosos sentimientos. Fai que nos sintamos vivos. É un teatró moi vivo, sempre como ensaiando. O teatro como un xogo dentro do propio teatro. Dunha forma natural, libre. Teatro de riscos, apostas. Teatro de falar e de ver e de bailar. Cunha sintaxe clara pero moi suixerente. Cun esquema moi ímaxinativo. Como se o que estamos vendo fosen soños. Soños dentro do propio teatro. Diversas situacions que continuamente nos van situando na nosa propia liberdade, e na liberdade dos actores. Como se estivesemos assistindo a unha operación en vivo. Un parto continuo, marabiloso. Como se, gracias a Matarile, nos estivesemos achegando moito ao que é o teatro. Non ao que parece, nin ao que debería ser, senón ao que é, ao que quere ser. Con toda a tristeza que eso conleva. Con toda a maxia. Con todo o encanto.

*Acto seguido* é un exercicio de catarse, para a compañía, e para os espectadores. Unha forma de limpar os sentimentós. Unha forma de bailar, rir, chorar, soñar. Como se o teatro puidese limpar os nosos inter-



Matarile Teatro

riores esgazados. Como se a vida fose morte, e a morte fose vida. Porque somos humanos, e por tanto somos fráxiles e ao mesmo tempo fortes. E o mesmo acontece no escenario, ese lugar tráxico pero optimista.

A obra *Acto seguido* demuestra que se pode facer malabarismo dentro do teatro, crear alquimia.

Demostra que Matarile é unha compañía moi consolidada, cun estilo moi definido pero que sempre sorprende, que sempre innova. Se non hai sentimientos non hai teatro, e *Acto seguido* é unha obra moi sentimental, moi cariñosa, moi xenerosa. Un acto de amor.